

Entidade de contratación:	Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.		
Denominación do expediente:	Renovación extraordinaria do pavimento na Autoestrada AG-53. Alto de Santo Domingo A-52. Tramo: Enlace de Cea - A-52		
Ref. Expediente:	OBRA230101	Contrato harmonizado:	Non
Tipo contrato:	Obras	Tipo tramitación:	Ordinaria Lotes: Non
Procedemento:	Aberto	Forma adxudicación:	Pluralidade de criterios
CPV:	45233000-9	Traballos de construción, cimentación e pavimentación de autoestradas e estradas	
Importe licitación IVE:	5.235.216,50 €	Prazo execución:	4 meses

ACTA DE APERTURA DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA (SOBRE A)

ORDE DO DÍA

1. Constitución da Mesa de contratación.
2. Acceso ao Sistema de licitación electrónica (Silex) e comprobación das ofertas recibidas.
3. Apertura dos arquivos electrónicos A e exame da documentación (Sobre A).
4. Acordos da mesa.

1. CONSTITUCIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN.

Data:	2/2/2024	Hora:	10:00 horas
Lugar:	Avelino Pousa Antelo nº-1, 2ª, Santiago de Compostela 15707, A Coruña		

No lugar, día e hora enriba indicados, a Presidenta declara constituída a Mesa de Contratación para proceder á apertura da documentación (Sobre A), correspondente ao expediente que se referencia.

MEMBROS DA MESA ASISTENTES	
CARGO	NOME E APELIDOS
Presidenta	Angela Bouzada Valverde
Secretario	Juan Carlos Vence Lamas
Asesoría Xurídica	Javier Álvarez López
Vogal	Daniel Romay Díaz
Vogal	Maria Esther Souto Lareo

Como consideración previa aos actos a realizar na presente sesión e de conformidade co previsto no artigo 64 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público (LCSP), cada un dos membros da mesa de contratación constituída declaran expresa e individualmente baixo a súa propia responsabilidade que non concorre neles ningún conflito de interese que poda comprometer a súa imparcialidade e independencia durante o procedemento, así como de que se comprometen a poñer en coñecemento do órgano de contratación, de forma inmediata, calquera potencial conflito de intereses que poda producirse durante o desenvolvemento do procedemento de adxudicación

2. ACCESO AO SISTEMA DE LICITACIÓN ELECTRÓNICA (SILEX) E COMPROBACIÓN DAS OFERTAS RECIBIDAS.

A continuación, lese a relación de empresas que participan no procedemento de conformidade coa información que consta no Sistema de licitación electrónica (Silex).

Núm.	LICITADOR
1	S.A. de Obras y Servicios, COPASA
2	UTE CIVIS GLOBAL SLU-COVSA OBRA230101
3	EXTRACO, S.A.
4	TABOADA Y RAMOS, S.L.
5	OBRAS PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L. "OPAIN, S.L."
6	FRANCISCO GÓMEZ Y CIA, S.L.

A Mesa comproba que as ofertas presentadas foron debidamente presentadas en prazo. Con posterioridade, procédese á apertura da documentación administrativa dos licitadores presentados

3. APERTURA DOS ARCHIVOS ELECTRÓNICOS E EXAME DA DOCUMENTACIÓN (SOBRE A).

Ábrense os sobres electrónicos A dos licitadores presentados e analízase a documentación comprobando que a documentación presentada é correcta.

4. ACORDOS DA MESA.

A mesa de contratación acorda admitir a todos os licitadores que presentaron oferta.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta dá por terminado o acto, e para que quede constancia, esténdese a presente acta que é lida por todos os membros asistentes da Mesa de Contratación . Unha vez manifestada a conformidade co contido da acta polos anteditos membros da Mesa de Contratación, asíñase dixitalmente pola Presidenta e o Secretario na data sinalada.

Presidenta da Mesa

Secretario da Mesa

Angela Bouzada Valverde

Juan Carlos Vence Lamas